

Aclaracións para cubrir o Anexo II

En cumprimento do disposto no Decreto 132/2013 do 1 de agosto e na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitario dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e F.P., o 17 de xuño de 2024 a Secretaría Xeral Técnica desta consellería ditou a instrución 2/2024 sobre funcionamento dos Comedores Escolares de xestión indirecta no curso escolar 2024/2025.

Deste Instrución despréndese que os alumnos que fagan uso do servizo de comedor do Centro deberán cubrir un impreso (Anexo II) para determinar, en función da renda neta per cápita da unidade familiar, se teñen que pagar ou non por dito servizo.

Indicacións de estrito cumprimento para o próximo curso

- **Os usuarios do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, isto é, que teñan pendente de aboamento calquera cantidade pola utilización do servizo, non poderán figurar nas listas provisionais de usuarios admitidos ao comedor.** Non obstante, e sempre que houbera lugar a iso, poderán adquirir a condición de usuarios do comedor, cando acrediten, antes da publicación dos listados definitivos de admitidos, o pagamento das cantidades endebedadas.
- **Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.**
- **Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, deberán ser suspendidos pola dirección do centro ao dereito ao uso do servizo de comedor durante 10 días.**

Prazo de presentación e publicación de listaxes

Poderán presentar no Centro o Anexo II debidamente cumprimentado **ata o 5 de xullo de 2024** ou por correo electrónico (ceip.oruxidoiro@edu.xunta.gal) **ata o 31 de agosto de 2024**. Os que non o presenten quedarán excluídos do Comedor Escolar ao entender que non lle interesa dito servizo.

A continuación relaciónanse unhas indicacións para que lle sexa máis sinxelo cumprimentar o Anexo II.

Concepto de unidade familiar e obtención da mesma.

Para os efectos do novo Decreto de comedores escolares, a partires da súa entrada en vigor, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, si os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1).

Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, no constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
- O número de membros da unidade familiar realízase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano. Polo tanto, si un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo. Tampouco formarán parte da unidade familiar o membro que falecera durante o período impositivo.
- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1). O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.

A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do **exercicio 2023**):

1. Sumarase a base impoñible xeral coa base impoñible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

casíña 435 + casíña 460 – casíña 595

O resultado obtido por calquera das dúas operacións divídese polo número de membros que forman parte da unidade familiar. O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Aos efectos de facilitar ás familias o cálculo do importe dos prezos públicos polo uso do servizo de comedor escolar, incorpórase unha calculadora a través da páxina web da consellería que facilita o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores e idade escolar. O acceso á calculadora estará dispoñible a través do link: <http://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

Se solicitado o borrador á AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos á conta efectuados.

As persoas ou familias que non fagan declaración da renda nin obteñan borrador terán que solicitar na Axencia Tributaria (AEAT) o certificado de imputación de rendas.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casíñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casíñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casíñas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casíñas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario).
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.

Usuarios gratuítos do servizo

- Os alumnos pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Os alumnos que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Os alumnos cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Os alumnos pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- Os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.

Usuarios obrigados ao pago do servizo na súa totalidade (4,50 €)

O alumnado escolarizado no Centro que non proceda da área de influencia do mesmo terá que aboar a totalidade do prezo do servizo (4,50 €) con independencia das súas circunstancias persoais e de renda familiar.